

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 19 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publican a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación no proceso de actualización das listas de selección temporal de diversas categorías de persoal estatutario.

O vixente Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia, publicado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 13 de xuño de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 123, do 30 de xuño), regula na súa norma II.4.4 a xeración e a publicación das listas.

Logo de finalizado o prazo indicado na norma II.4.4 do pacto de conformidade co disposto na súa norma I.5.1 e no punto noveno da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 12 de setembro de 2013 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 181, do 23 de setembro), pola que se regulan as bases do procedemento de actualización periódica das listas de selección temporal, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Publicar a relación provisional de solicitantes admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación no proceso de actualización periódica das listas de selección temporal elaboradas ao abeiro do Pacto do 13 de xuño de 2016, nas categorías de dietista-nutricionista, facultativo/a especialista de área de psicoloxía clínica, farmacéutico/a de atención primaria, fisioterapeuta, logopeda, médico/a especialista en medicina do traballo, odontólogo/a de atención primaria, terapeuta ocupacional e traballador/a social.

Segundo. As listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as coa asignación aos primeiros da puntuación e a orde de prelación provisionais acadadas, están publicadas, á disposición das persoas interesadas, na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es). Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. Contra a resolución provisional de admitidos/as e excluídos/as e os resultados provisionais de baremación, as persoas interesadas poderán presentar reclamación, ante as xerencias das áreas sanitarias e as direccións con competencias na xestión de persoal das entidades adscritas á Consellería de Sanidade, no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.



As persoas que, presentando debidamente solicitude de inscrición, non consten como admitidas nin excluídas disporán do mesmo prazo para formularen a súa reclamación.

A aceptación ou a desestimación das reclamacións presentadas entenderanse implícitos na resolución desta dirección, que se anunciará no *Diario Oficial de Galicia*, pola que se declaren con carácter definitivo os/as admitidos/as e excluídos/as e que fará públicas, así mesmo, as puntuacións e a orde de prelación definitivas acadadas polas persoas aspirantes.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2024

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: 8nctiif0-9lu2-dju2-18s8-wyqvpljeqve5

